

Derrotar ao PP

Derrotar á contrarreforma franquista do ensino



**Afiliate ó
Sindicato de
Estudiantes**



Desde que o Partido Popular chegou ao Goberno asistimos ao ataque máis brutal ao ensino público desde a caída da ditadura. En resposta, o Sindicato de Estudiantes impulsou en estes dous últimos cursos unha loita sen cuartel contra estas políticas que pretenden devolvernollos á educación dos anos 50, cando soamente os que tiñan diñeiro podían garantir o seu dereito ao ensino de calidade mentres que o resto —a gran maioría— non tiñamos cabida.

Pero os ataques á educación non viñeron sós. O Partido Popular propúxose cargar ás costas das familias traballadoras a factura dunha crise que non provocamos, e facernos retroceder décadas en canto a dereitos e li-

berdades. A reforma laboral que abarata o despedimento; os ataques á sanidade pública e as axudas á dependencia; a lei mordaza que pretende acabar coa resposta social aos seus ataques e criminalizar aos que loitan; a lei do aborto que quere suprimir o dereito das mulleres a decidir sobre o seu propio corpo para satisfacer as esixencias da xerarquía católica; forman parte desta ofensiva.

O PP quere impoñer a volta ao franquismo

Recortando os orzamentos educativos e aplicando a súa contrarreforma franquista, o PP busca acabar co dereito dos fillos e fillas dos traballadores a un ensino de calida-

de, preparándonos un futuro de paro e precariedade. Iso é o que explica o despedimento de 50.000 dos nosos profesores, o roubo de 6.000 millóns de euros á educación pública, a perda de axudas a libros de texto e comedor para centos de miles de estudantes. É o que se pretende co Decreto de Bolsas, que diminuíu enormemente o número de beneficiarios e a contía das axudas, e que foi completado coa brutal subida das taxas universitarias. Así poderán expulsar directamente da Universidade a unha maioría dos mozos que provimos de familias traballadoras.

E por suposto coa LOMCE, a contrarreforma franquista do ensino, que prepara o terreo para expulsar a centos de miles de estudantes do sistema educativo a través das reválidas. Tamén devolve á Igrexa un púlpito privilexiado na escola pública desde o que poder adoutrinar, mentres a Conferencia Episcopal se enche os pechos con diñeiro público. Ataca o dereito dos estudantes das nacionalidades históricas a poder aprender na nosa propia lingua con garantías na pública... En definitiva, trátase dun retroceso de décadas que o Partido Popular quixo impoñer pola forza a toda a comunidade educativa.

Temos a forza para botar atrás os ataques

A resposta de pais, profesores e estudantes na rúa fronte estes ataques foi exemplar. A semana de loita no mes de outubro con 72 horas de folga convocadas polo Sindicato de Estudantes, na que confluímos na súa última xornada —o 24 de outubro— coa folga de toda a comunidade educativa foi un éxito impresionante. Máis de dous millóns de persoas saímos ás manifestacións en todo o Estado para demostrar ao impresentable ministro Wert e á multimillonaria secretaria de Estado de Educación, Monserrat Gomendio, que se quedaron en minoría absoluta nas rúas e nas aulas. Dimos un golpe tremendo ao goberno do PP e puxemos ao seu ministro de Educación contra as cordas.

Como explicamos desde o Sindicato de Estudantes, a explosión do día 24 puxo ao alcance da man a posibilidade de botar atrás a LOMCE e ao ministro Wert. Iso si, a condición de continuar a mobilización dunha forma unitaria e contundente. Por iso desde o Sindicato de Estudantes volvimos saír ás rúas na folga estudiantil do 20 de Novembro —coincidindo coa aprobación da LOMCE no Senado— así como na Marcha a Madrid do pa-

sado 30-N, e propuxemos convocar unha nova folga xeral de toda a comunidade educativa de 72 horas.

¡Insubmisión á LOMCE! ¡Por unha nova folga xeral educativa de 72 horas!

O Partido Popular impuxo pola forza, co carácter autoritario e antidemocrático que caracteriza a este goberno, a aprobación da LOMCE no Congreso. Tamén nos primeiros días do ano, o ministro Wert anunciou novos ataques: queren que 2014 sexa o ano da reforma universitaria e do novo estatuto docente. Dúas medidas que tamén teñen por obxectivo atacar ao ensino público despedindo e denigrando as condicións laborais dos nosos profesores, pechando facultades enteiras, incrementando máis aínda as taxas universitarias e dando o paso definitivo cara á privatización da Universidade pública.

Que demostra todo isto? Que a loita debe continuar, con máis forza, con máis organización, e que podemos botar atrás os ataques! O intento de acabar coas becas Erasmus, por exemplo, reverteuse grazas á mobilización e a enorme presión social, malia que era unha medida que xa estaba aprobada e publicada no BOE. Non foi o único exemplo. A loita no barrio obreiro de Gamonal tamén foi unha impresionante demostración de como se poden botar atrás os ataques: a determinación e a forza de todos os veciños organizados lograron gañar a batalla ao PP. Da mesma forma o foi a vitoria irresistible da Marea Branca que logrou evitar a privatización da sanidade madrileña. Ese é o exemplo que debemos seguir: responder con contundencia, ao mesmo nivel que os que nos están a atacar. Así si se pode derrotar o PP. Por iso insistimos ás organizacións do profesorado CIG, CCOO, UGT, e ás organizacións de pais e nais, en que agora é máis necesario que nunca continuar a mobilización cunha nova folga xeral educativa de 72 horas.

Para seguir fortalecendo a loita en defensa da educación pública propoñemos levar a cabo unha campaña de insubmisión á LOMCE en todos os centros de estudo, celebrando asembleas nos institutos nas que podamos debater como combater os ataques do PP e formar novos comités de loita do Sindicato de Estudantes. Precisamente, para poder enfrontarnos a esta ofensiva coa maior forza posible, é importante que nos organicemos nos nosos centros de estudo e formemos o Sindicato de Estudantes en todos os concellos do estado: unha organización de loita, anticapitalista e democrática, á que nada, nin ninguén, vai pechar a boca.

¡Derrotar ao PP, derrotar a contrarreforma franquista do ensino!

¡Únete ao Sindicato de Estudantes!

